


Guía didáctica

"Op Art!"

ODE realizado durante unha licenza por formación no curso 2019/20. Consellería de Educación, Universidade e F.P. Xunta de Galicia

Yolanda Cobas Fernández
Mestra de Primaria no CEIP Plurilingüe Carballal - Cabral



Obxectivos



- Coñecer a arte óptica e obras representativas.
- Crear composicións de arte óptica utilizando técnicas básicas e instrumentos de debuxo xeométrico.
- Coñecer as ferramentas básicas de debuxo xeométrico.
- Revisar as súas composicións buscando aspectos para mellorar e telos en conta en obras seguintes.
- Coñecer o vocabulario relacionado cos recursos plásticos e coas accións que se levan a cabo na creación de obras artísticas.
- Utilizar estruturas para expresar opinións e analizar as obras a nivel técnico, artístico e expresivo.

Contidos



- Exploración das posibilidades expresivas da liña segundo a forma, a dirección, a situación espacial e a sensación de movemento e repouso.
- Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización de tarefas plásticas.
- Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación.
- Documentación sobre producións artísticas nas tecnoloxías da información.
- Análise de obras propias e alleas segundo criterios artísticos e técnicos.
- Seguimento de normas e das instrucións de manexo das ferramentas básicas do debuxo técnico.

Criterios de avaliación



- Imaxinar, debuxar e elaborar obras de arte óptica con diferentes materiais.
- Representar, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos da linguaxe visual.
- Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade.
- Analizar obras propias e alleas cun criterio artístico e técnico.
- Utilizar e manexar as TIC como medio de investigación.
- Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.

Estándares de aprendizaxe



- Utiliza a liña como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade, movemento, tamaño...
- Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.
- Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.
- Emprega as TIC para procurar información sobre autores, correntes, obras...
- Analiza obras propias e alleas con criterio artístico, expresivo e técnico.
- Coñece e utiliza as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico.

Metodoloxía e orientacións didácticas



A metodoloxía de aplicación seguirá o modelo AICLE/CLIL, caracterizado por ter un enfoque globalizador e integrador das aprendizaxes, pola vertebración lingüística do currículo a través da estrutura de cada área, pola integración de contidos e linguas e a potenciación e o aproveitamento do apoio metodolóxico que nos proporciona a era dixital na que estamos inmersos.

A presentación dos contidos a través das TIC permite abordar varias opcións de traballo, procurando a que máis se axuste ás necesidades do alumnado co que traballamos. O alumnado pode ter á súa disposición os materiais con antelación para poder visualizar as explicacións e os apartados máis explicativos ao seu ritmo, reservando o tempo na aula para a resolución de dúbidas e o traballo práctico, que en moitas ocasións está plantexado como tarefas grupais.

Actividades



- **1ª Sesión:** Arte óptica. Tarefa grupal 1: Dálle unha volta. Análise de obras existentes.
- **2ª Sesión:** Tarefa 1: Crea a túa obra OpArt.
- **3ª Sesión:** Tarefa 1: Continuación.
- **4ª Sesión:** Tarefa 2: Tecido de papel OpArt.

Avaliación e retroalimentación



- A avaliación das tarefas terá dúas compoñentes: autoavaliación e heteroavaliación por parte do mestre/a.
- Realizaranse mediante unha rúbrica, que permitirá comparar os resultados de ambas avaliacións e procurar o consenso.
- A avaliación mediante rúbricas ofrece a posibilidade de reflexionar sobre o propio traballo, así como de obter unha retroalimentación comprensible por parte do profesorado.